



# Resistencias que impiden unha reconversión pastoral

Manuel Regal Ledo



## Introdución

Empezo este estudo pedindo desculpas polo carácter máis sapiencial, meditativo, ca non académico deste estudo. Vivo nunha diocese, a de Mondoñedo-Ferrol, inmersa nun proxecto de reconversión pastoral, basicamente a través da normalización das Unidades Pastorais (UPA), e desde o dinamismo que a normalización destas UPA pode favorecer, pensamos levar a cabo unha acción evangelizadora misioneira no conxunto da nosa diocese. O multisecular sistema pastoral, baseado na estrutura parroquial, e esta, á súa vez, na presenza e función do cura, estase esborrallando; a escaseza de curas, poucos e moitos deles de idade moi avanzada, o despoboamento e avellentamento das nosas aldeas, maiormente en zonas do interior, a grande dificultade para ter así experiencias comunitarias atraentes, a apatía relixiosa que caracteriza a nosa época, e, tamén hai que dicilo, a pasividade e rutina clerical e laical, e a acumulación de malas prácticas relixiosas polas razóns que sexa, foron dando como resultado que hoxe nos atopemos ante a urxencia dunha reconversión pastoral. Non facelo implicaría a moi previsible desaparición dunha experiencia relixiosa cristiá nas nosas parroquias e/ou o mantemento único de formas relixiosas de tipo sociolóxico, integradas nos costumes sociais, pero escasamente significativas para configurar o ser e o vivir das persoas que as practiquemos.

Empezamos por chamar a atención sobre a expresión «conversión pastoral». Empregouna o papa Francisco no número 25 da *Evangelii Gaudium* (EG). A parte de empregar a expresión, toda esta magnífica Exhortación Apostólica ofrece un claro e cálido